

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Contas Anuais

31 de decembro de 2015

Informe de xestión

Exercicio 2015

(Xunto co Informe de Auditoría
Independente)

Informe de Auditoría Independiente de Contas Anuais

Ao Accionista Único de
Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe sobre as contas anuais

Auditamos as contas anuais adxuntas de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U. (a Sociedade), que comprenden o balance a 31 de decembro de 2015, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria correspondentes ó exercicio rematado en dita data.

Responsabilidade dos Administradores en relación coas contas anuais

Os Administradores son responsables de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U., de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, que se identifica na nota 2 da memoria adxunta, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación das contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Responsabilidade do auditor

A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as contas anuais adxuntas baseada na nosa auditoría. Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da auditoría de contas vixente en España. Dita normativa exige que cumpramos os requerimentos de ética, así como que planifiquemos e executemos a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que as contas anuais están libres de incorreccións materiais.

Unha auditoría require a aplicación de procedementos para obter evidencia de auditoría sobre os importes e a información revelada nas contas anuais. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro. Ó efectuar ditas valoracións do risco, o auditor ten en conta o control interno relevante para a formulación por parte da entidade das contas anuais, co fin de diseñar os procedementos de auditoría que sexan axeitados en función das circunstancias, e coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade. Unha auditoría tamén inclúe a avaliación da adecuación das políticas contables aplicadas e da razoabilidade das estimacións contables realizadas pola dirección, así como a avaliación da presentación das contas anuais tomadas no seu conxunto.

Consideramos que a evidencia de auditoría obtida proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión de auditoría.

Opinión

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U. a 31 de decembro de 2015, así como dos seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ó exercicio anual terminado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

Párrafo de énfasis

Chamamos a atención respecto ao sinalado na nota 24 da memoria adxunta, na que se indica que durante o exercicio 2013 a Sociedade viuse inmersa na decisión da Comisión Europea de considerar como axuda ilegal importes recibidos en exercicios anteriores pola Sociedade da Xunta de Galicia e concedidos polo Reino de España a ésta para o despliegue da televisión dixital terrestre. Dada esta situación a Sociedade iniciou un procedemento xudicial contra a Comisión Europea cuxo obxecto é a impugnación desta decisión. Á data deste informe o proceso está pendente de resolución. Estas condicións, indican a existencia dunha incerteza significativa sobre os posibles efectos, no seu caso, da resolución definitiva deste proceso nas contas anuais adxuntas. Esta cuestión non modifica a nosa opinión.

Informe sobre outros requerimentos legais e regulamentarios

O informe de xestión adxunto do exercicio 2015 contén as explicacións que os Administradores consideran oportunas sobre a situación de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U., a evolución dos seus negocios e sobre outros asuntos e non forma parte integrante das contas anuais. Verificamos que a información contable que contén o citado informe de xestión concorda coa das contas anuais do exercicio 2015. O noso traballo como auditores límtase á verificación do informe de xestión co alcance mencionado neste mesmo parágrafo e non inclúe a revisión de información distinta da obtenida a partir dos rexistros contables da Sociedade.

KPMG Auditores, S.L.



Daniel Fraga Romero

13 de abril de 2016



KPMG AUDITORES, S.L.

Año 2016 Nº 04/16/00124

COPIA GRATUITA

.....
 Informe sujeto a la normativa
 reguladora de la actividad de
 auditoría de cuentas en España

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Balances

31 de decembro de 2015 e 2014

(Expresados en euros)

	Nota	2015	2014
Inmovilizado intanxible	5	3.710	12.234
Patentes, licencias, marcas e similares		403	406
Aplicacións informáticas		3.307	11.828
Inmovilizado material	6	2.037.055	2.098.533
Terreos e construcións		306.278	341.507
Instalacións técnicas, maquinaria, utillaxe, mobiliario, e outro inmovilizado material		1.730.777	1.757.026
Inversións financeiras a longo prazo		60	60
Outros activos financeiros		60	60
Activo por imposto diferido	19	71.205	79.117
Total activos non correntes		2.112.030	2.189.944
Existencias	11	55.776	8.373
Anticipos a provedores		55.776	8.373
Debedores comerciais e outras contas a cobrar	10	2.197.413	3.178.094
Clientes por vendas e prestacións de servizos a curto prazo		1.443.086	1.268.723
Clientes empresas do grupo e asociadas a curto prazo		512.444	1.822.091
Debedores varios		200	200
Persoal		2.740	773
Activos por imposto corrente	19	87.033	68
Outros créditos coas Administracións Públicas	19	151.910	86.239
Periodificacións a curto prazo	12	40.561	27.363
Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	13	2.409.706	1.809.776
Tesourería		2.409.706	1.809.776
Total activos correntes		4.703.456	5.023.606
Total activo		6.815.486	7.213.550

MSS

A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2015.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Balances

31 de decembro de 2015 e 2014

(Expresados en euros)

	Nota	2015	2014
Fondos propios	14	1.903.155	1.063.070
Capital		60.110	60.110
<i>Capital escriturado</i>		<i>60.110</i>	<i>60.110</i>
Reservas		794.159	390.265
<i>Legal e estatutarias</i>		<i>87.336</i>	<i>46.947</i>
<i>Outras reservas</i>		<i>706.824</i>	<i>343.318</i>
Outras achegas de socios		208.799	208.799
Resultado do exercicio		840.087	403.896
Subvencións, doazóns e legados recibidos	15	1.489.466	1.620.836
Total patrimonio neto		3.392.621	2.683.906
Pasivos por imposto diferido	19	496.489	630.069
Total pasivos non correntes		496.489	630.069
Débedas a curto prazo	16	227.409	20.379
Outros pasivos financeiros		227.409	20.379
Acredores comerciais e outras contas a pagar	17	2.696.566	3.875.151
Acredores varios		2.300.749	3.437.661
Persoal (remuneracións pendentes de pago)		285.603	185.763
Pasivo por imposto corrente	19	-	99.196
Outras débedas con as Administracións Públicas	19	98.043	152.221
Anticipos de clientes		12.171	310
Periodificacións a curto prazo		2.401	4.045
Total pasivos correntes		2.926.376	3.899.575
Total patrimonio neto e pasivo		6.815.486	7.213.550

Handwritten signatures and initials in blue ink, including 'MSS'.

A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2015.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Contas de Perdas e Ganancias

para os exercicios anuais terminados en
31 de decembro de 2015 e 2014

(Expresadas en euros)

	Nota	2015	2014
Importe neto da cifra de negocios	22	9.498.790	9.174.019
Prestacións de servizos		9.498.790	9.174.019
Aprovisionamentos		(2.241.853)	(2.506.688)
Consumo de materias primas e outras materias consumibles	22	(1.933.235)	(2.224.989)
Traballos realizados por outras empresas		(308.618)	(281.699)
Outros ingresos de explotación		100.930	60.085
Ingresos accesorios e outros de xestión corrente		9.318	1.528
Subvención de explotación incorporadas ao resultado do exercicio	15	91.612	58.557
Gastos de persoal		(2.748.460)	(2.758.300)
Soldos, salarios e asimilados		(2.174.005)	(2.161.542)
Cargas sociais	22	(574.455)	(596.758)
Outros gastos de explotación		(3.388.980)	(3.335.241)
Servizos exteriores		(3.361.081)	(3.314.959)
Tributos		(2.998)	(3.852)
Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais	10	(24.901)	(16.430)
Amortización do inmovilizado	5 y 6	(358.094)	(412.220)
Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras	15	276.535	337.518
Outros resultados	22	23.871	9.644
Resultado de explotación		1.162.739	568.817
Ingresos financeiros		5.662	8.177
De valores negociables e outros instrumentos financeiros			
De terceiros		5.662	8.177
Resultado financeiro		5.662	8.177
Resultado antes de impostos		1.168.401	576.994
Imposto sobre beneficios	19	(328.314)	(173.098)
Resultado do exercicio procedente de operacións continuadas		840.087	403.896

MSS

A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2015.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Estados de Cambios no Patrimonio Neto
Correspondentes aos exercicios anuais terminados a
31 de decembro de 2015 e 2014

A) Estados de Ingresos e Gastos Recoñecidos
correspondentes aos exercicios anuais terminados en 31 de decembro de 2015 e 2014

(Expresados en euros)

	Nota	2015	2014
Resultado da conta de perdas e ganancias		840.087	403.896
Subvencións, doazóns e legados		91.612	169.606
Efecto impositivo		(25.651)	(37.380)
Outres axustes por cambio tipo impositivo		67.735	-
Total ingresos e gastos imputados directamente no patrimonio neto	15	133.696	132.226
Subvencións, doazóns e legados		(368.147)	(337.518)
Efecto impositivo		103.081	101.255
Total transferencias a conta de perdas e ganancias	15	(265.066)	(236.263)
Total de ingresos e gastos recoñecidos		708.717	299.859

Handwritten signatures and initials in blue ink, including 'MSS' and 'TEC'.

A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2015.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

Estados de Cambios no Patrimonio Neto
correspondentes aos exercicios anuais terminados a
31 de decembro de 2015 e 2014

B) Estados Totais de Cambios no Patrimonio Neto

correspondentes aos exercicios anual terminado a 31 de decembro de 2015 e 2014

(Expresados en euros)

	2015 (Euros)					
	Capital Escriturado	Reservas	Resultado do exercicio	Outras achegas de socios	Subvencións, doazóns e legados recibidos	Total
Saldo ó 1 de xaneiro de 2015	60.110	390.265	403.896	208.799	1.620.836	2.683.906
Ingresos e gastos recoñecidos	-	-	840.087	-	(131.370)	708.717
Outras variación do patrimonio neto	-	403.894	(403.896)	-	-	(2)
Saldo ó 31 de decembro de 2015	60.110	794.159	840.087	208.799	1.489.466	3.392.621

	2014 (Euros)					
	Capital Escriturado	Reservas	Resultado do exercicio	Outras achegas de socios	Subvencións, doazóns e legados recibidos	Total
Saldo ó 1 de xaneiro de 2014	60.110	174.173	349.536	208.799	1.724.873	2.517.491
Ingresos e gastos recoñecidos	-	-	403.896	-	(104.037)	299.859
Operacións co accionista único (nota 3)	-	-	(133.444)	-	-	(133.444)
Outras variación do patrimonio neto	-	216.092	(216.092)	-	-	-
Saldo ó 31 de decembro de 2014	60.110	390.265	403.896	208.799	1.620.836	2.683.906

A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2015.

MSS

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Estados de Fluxos de Efectivo
correspondentes aos exercicios anuais terminados a
31 de decembro de 2015 e 2014

(Expresados en euros)

	Nota	2015	2014
Resultado do exercicio antes de impostos		1.168.401	576.994
Axustes ao resultado			
Amortización do resultado	5 y 6	358.094	412.220
Correccións valorativas por deterioro	10	24.901	16.430
Imputación de subvencións	15	(276.535)	(337.518)
Ingresos financeiros		(5.662)	(8.177)
Outros ingresos e gastos		-	4.726
Cambios no capital circulante			
Existencias		(47.403)	2.117
Debedores e contas a cobrar		1.042.745	3.650.852
Outros activos correntes		(13.197)	34.742
Acredores e outras contas a pagar		(1.067.806)	(3.178.506)
Outros pasivos non correntes		205.386	(21.986)
Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación			
Cobros de intereses		5.662	8.177
Cobros/(pagos) por imposto sobre beneficios		(506.563)	(182.574)
Fluxos de efectivo das actividades de explotación		888.023	977.497
Fluxos de efectivo das actividades de inversión			
Pagos por investimentos			
Inmovilizado material		(288.093)	(222.322)
Fluxos de efectivo das actividades de inversión		(288.093)	(222.322)
Fluxos de efectivo das actividades de financiamento			
Dividendos		-	(133.444)
Subvencións, doazóns e legados recibidos	15	-	113.054
Fluxos de efectivo das actividades de financiamento		-	(20.390)
Aumento/Diminución neta do efectivo ou equivalentes		599.930	734.785
Efectivo ou equivalentes o comezo do exercicio		1.809.776	1.074.991
Efectivo ou equivalentes ao final do exercicio		2.409.706	1.809.776

A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2015.

(1) Natureza e actividades da Sociedade

REDES DE TELECOMUNICACIÓNS GALEGAS, RETEGAL S.A.U. (a Sociedade) nace no mes de febreiro do 1998, a raíz do Decreto da Xunta de Galicia 58/1997, que supuxo o primeiro paso para a reorganización dos sistemas de telecomunicacións en Galicia, encárnandoos nesta Sociedade co fin de mellorar a súa organización, ampliar a súa eficiencia e rendibilidade económico-social, e xestionar a innovación e adaptación a un contorno en continuo desenvolvemento, como son as actividades con forte presenza de I+D.

Completando os requisitos xurídico-mercantís precisos para a constitución da Sociedade, outorgouse a correspondente escritura de constitución o día 7 de abril do 1998, quedando definitivamente inscrita no Rexistro Mercantil competente o día 26 de maio dese mesmo ano. O domicilio social da Sociedade fíxase en Complexo San Marcos, en Santiago de Compostela, no lugar no que se encontra o principal establecemento da Sociedade.

A Sociedade é unha entidade mercantil pública autonómica. Ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñan a consideración de medios propios na lexislación vixente. En consecuencia, a Sociedade está obrigada a executar as encomendas ou encargos que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e estas entidades públicas instrumentais lle realicen dentro do ámbito do seu obxecto social. As súas relacións teñen natureza instrumental, non contractual, sendo, para todos os efectos, de carácter interno, dependente ou subordinado.

As encomendas que se realicen á Sociedade instrumentaranse mediante unha resolución do ente encomendante na que, como mínimo, se precisarán as actuacións concretas que constitúan o obxecto da encomenda, así como os termos e as condicións en que deba executarse.

Segundo o artigo número 2 dos Estatutos, o obxecto social da Sociedade é a realización de actividades dirixidas á prestación de servizos en materia de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia, para as que obterá os títulos habilitantes que sexan necesarios en cada caso. Así mesmo, terá por obxecto tanto a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestructuras, sistemas e servizos de telecomunicacións en Galicia, como a elaboración de propostas, análise e estudos relacionados coas telecomunicacións que lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

En particular constituirán parte do obxecto social as seguintes actividades:

- A promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestructuras e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións.
- A prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.

As actividades abranguidas no obxecto social poderanse realizar, total ou parcialmente, ben mediante a creación de sociedades filiais, ben participando noutras sociedades de obxecto idéntico ou análogo, ou ben mediante calquera outra fórmula admitida en dereito, respectando en todo caso o marco normativo aplicable á Sociedade.

A Sociedade divide o seu devir económico en exercicios sociais que coinciden co ano natural.

(2) Bases de presentación**(a) Imaxe fiel**

Estas contas anuais formuláronse a partires dos rexistros contables de Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U. As contas anuais do exercicio 2015 preparáronse de acordo coa lexislación mercantil vixente e coas normas establecidas no Plan Xeral de Contabilidade, co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira ao 31 de decembro de 2015 e dos resultados das súas operacións, dos cambios no patrimonio neto e dos fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio anual finalizado en dita data.

Os Administradores da Sociedade estiman que as contas anuais do exercicio 2015, van ser aprobadas polo Accionista Único sen modificación algunha.

(b) Comparación da información

As contas anuais presentan a efectos comparativos con cada unha das partidas do balance, da conta de perdas e ganancias, do estado de cambios no patrimonio neto, do estado de fluxos de efectivo e da memoria, ademais das cifras do exercicio 2015, as correspondentes ao exercicio anterior, que formaban parte das contas anuais do exercicio 2014 aprobadas polo Accionista Único con data 30 de Xuño de 2015.

Aos exclusivos efectos da nota 18 Información sobre o período medio de pago a provedores, estas contas anuais calíffcanse como iniciais, e non se presenta información comparativa en dita nota.

(c) Moeda funcional e de presentación

As contas anuais preséntanse en euros, que é a moeda funcional e de presentación da Sociedade.

(d) Aspectos críticos da valoración e estimación das incertezas e xuízos relevantes na aplicación de políticas contables

Estas contas anuais, así como os detalles e explicacións inherentes contidos na presente Memoria, preséntanse sobre a base da continuidade ilimitada na xestión e non a efectos de calcular o valor liquidativo ou de alleamento do patrimonio da Sociedade.

A elaboración das presentes contas anuais non requeriu de xuízos e estimacións relevantes que poidan afectar de maneira significativa á aplicación das políticas contables e a importes rexistrados dos activos, pasivos, ingresos e gastos. As estimacións son constantemente revisadas e están baseadas na experiencia histórica e outros factores, incluídas as expectativas de sucesos futuros que se creen razoables baixo estas circunstancias.

Malia que estas estimacións realizáronse en función da mellor información dispoñible na data de formulación destas contas anuais sobre os feitos analizados, é posible que acontecementos que poidan ter lugar no futuro obriguen a modificalas (ao alza ou á baixa) en próximos exercicios, o que se faría de forma prospectiva, recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas anuais futuras.

(e) Financiación das actividades de explotación da Sociedade

A Sociedade financia as súas actividades a través dos recursos propios obtidos, así como a través de achegas á explotación realizadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), imputandoas ó patrimonio neto na partida Outras achegas de socios. Non obstante, nos exercicios 2015 e 2014 a Sociedade non recibiu ningunha destas axudas.

(3) Distribución de Resultados

A distribución dos beneficios da Sociedade do exercicio 2014, aprobada polo Accionista Único o 30 de Xuño de 2015 foi a seguinte:

	<u>Euros</u>
Bases de reparto	
Beneficio do exercicio	<u>403.895,51</u>
Distribución	
Reserva legal	40.389,55
Reserva voluntaria	<u>363.505,96</u>
	<u>403.895,51</u>

A proposta de distribución do resultado do exercicio 2015, formulada polos Administradores e que se espera sea aprobada polo Accionista Único, é a seguinte:

	<u>Euros</u>
Bases de reparto	
Beneficio do exercicio	<u>840.086,72</u>
Distribución	
Reserva voluntaria	<u>840.086,72</u>
	<u>840.086,72</u>

Os beneficios imputados directamente o patrimonio neto non poden ser obxecto de distribución, nin directa nin indirectamente.

Ao 31 de decembro de 2015 os importes das reservas non distribuibles correspóndense con Reserva Legal por importe de 87.336 euros (46.947 euros en 2014).

(4) Normas de Rexistro e Valoración**(a) Inmovilizado intanxible**

Os activos incluídos no inmovilizado intanxible figuran contabilizados polo seu prezo de adquisición ou o seu custo de produción, seguindo os mesmos principios que os establecidos na determinación do custo de produción das existencias. A capitalización do custo de produción, no seu caso, realízase a través do epígrafe "Traballos realizados pola empresa para o seu activo" da conta de perdas e ganancias. O inmovilizado intanxible preséntase no balance polo seu valor de custo minorado no importe das amortizacións e correccións valorativas por deterioro acumuladas.

(i) Patentes e licencias

Contabilízanse pola totalidade dos custos derivados da adquisición en firme dos dereitos correspondentes, a través da súa inscrición no rexistro competente.

(ii) Aplicacións informáticas

Preséntanse valoradas polo seu custo de adquisición ao provedor correspondente, ou ben polos custos de produción cando os elementos contabilizados son desenvolvidos pola propia Sociedade. Os gastos de mantemento das aplicacións informáticas considéranse gastos no momento no que se incorre neles.

(iii) Custos posteriores

Os custos posteriores nos que se incorra no inmovilizado intanxible rexístranse como gasto, agás que aumenten os beneficios económicos futuros esperados dos activos.

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

(iv) Vida útil e Amortizacións

A Sociedade evalúa para cada inmovilizado intanxible adquirido se a vida útil é finita ou indefinida. Deste xeito, considérase que un inmovilizado intanxible ten vida útil indefinida cando non existe un límite previsible ó período perante o que vai xerar entrada de fluxos netos de efectivo.

A amortización dos inmovilizados intanxibles con vidas útiles finitas realízase distribuíndo o importe amortizable de xeito sistemático ó longo da súa vida útil mediante a aplicación dos seguintes criterios:

	<u>Método de amortización</u>	<u>Anos de vida útil estimada</u>
Patentes e licencias	Lineal	5
Aplicacións informáticas	Lineal	3

A Sociedade revisa o valor residual, a vida útil e o método de amortización dos inmovilizados intanxibles no peche de cada exercicio. As modificacións nos criterios inicialmente establecidos se recoñecen como un cambio de estimación.

(b) Inmovilizado material(i) Recoñecemento inicial

Os activos incluídos no inmovilizado material figuran contabilizados polo seu prezo de adquisición ou custo de produción, seguindo os mesmos principios que os establecidos na determinación do custo de produción das existencias. A capitalización do custo de produción se realiza a través do epígrafe "Traballos realizados pola empresa para o seu activo" da conta de perdas e ganancias. Os ingresos accesorios obtidos no período de probas e posta en marcha se recoñecen como unha minoración dos custos incorridos. O inmovilizado material se presenta no balance polo seu valor de custo minorado polo importe das amortizacións e correccións valorativas por deterioro que se teñan acumuladas.

O custo do inmovilizado material inclúe a estimación dos custos de desmantelamento ou retiro, así como de a rehabilitación do lugar sobre o que se encontra situado, sempre que constitúan obrigas nas que se teñan incorridas como consecuencia do uso e con propósito distinto da produción de existencias.

Os pezas de recambio destinadas a ser montadas en instalacións, equipos e máquinas para substituír a outras semellantes, valóranse seguindo os criterios expostos anteriormente. As pezas con ciclo de almacenamento inferior ó ano rexístranse como existencias. As pezas con ciclo de almacenamento superior ó ano e que corresponden de maneira exclusiva á determinados activos rexístranse e amortízanse conxuntamente cos mesmos, e noutro caso rexístranse como outro inmovilizado e amortízanse linealmente no período estimado de substitución.

A Sociedade contabiliza como activos materiais os dereitos sobre bens adscritos, os dereitos de uso e os dereitos sobre fibras, que a través dos Decretos 365/1998 e 156/200 se adscriben á Sociedade xa que a través dos mesmos, se desafectan estes bens do dominio público e adquiren natureza patrimonial da Sociedade co fin da súa xestión e explotación no ámbito do obxecto social da Sociedade. Estes bens incorpóranse ao activo en función do valor neto contable notificado polo organismo que adscribe o ben, ou no seu caso, ao anterior beneficiario do dereito de adscrición. A amortización verifícase de xeito lineal, tomando como base o custo orixinario, que foi facilitado en casos pola CRTVG, e en casos pola Xunta de Galicia, e en función da vida útil restante dos bens adquiridos. Os mencionados bens, cun custo total de 5,30 millóns de euros encóntranse totalmente amortizados.

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

Pola súa banda, os dereitos reais sobre terreos e os dereitos de uso de infraestructuras de telecomunicacións, incorporados ao activo polo seu prezo de adquisición, amortízanse no período de vixencia do respectivo dereito, no caso de que exista, non amortizándose noutro caso.

(ii) Amortizacións

A amortización dos elementos de inmovilizado material se realiza distribuíndo o seu importe amortizable de xeito sistemático o longo da súa vida útil. Se entende por importe amortizable o custo de adquisición menos o seu valor residual. A Sociedade determina o gasto de amortización de xeito independente para cada compoñente que teña un custo significativo en relación o custo total do elemento e unha vida útil distinta do resto do elemento.

A amortización dos elementos do inmovilizado material se determina mediante a aplicación dos seguintes criterios:

	<u>Método de amortización</u>	<u>Anos de vida útil estimada</u>
Construcións	Lineal	14
Instalacións	Lineal	6 a 12
Maquinaria	Lineal	5 a 12
Mobiliario	Lineal	10
Equipos informáticos	Lineal	4
Elementos de transporte	Lineal	7
Outro inmovilizado	Lineal	3 a 12

A Sociedade revisa o valor residual, a vida útil e o método de amortización do inmovilizado material ao peche de cada exercicio. As modificacións nos criterios inicialmente establecidos recoñécense como un cambio de estimación.

(iii) Custos posteriores

Con posterioridade o recoñecemento inicial do activo, só se capitalizan aqueles custos que supoñan un aumento da súa capacidade, produtividade ou alargamento da vida útil, téndose que dar de baixa o valor contable dos elementos substituídos. Deste xeito, os custos de mantemento diario do inmovilizado material rexístranse nos resultados na medida que se vai incorrindo neles.

(c) Arrendamentos

A Sociedade ten cedido o dereito de determinados activos baixo contratos de arrendamento.

Os arrendamentos nos que o contrato transfere á Sociedade todos os riscos e beneficios inherentes a propiedade dos activos clasifícanse como arrendamentos financeiros e noutro caso clasifícanse como arrendamentos operativos.

A Sociedade avalía o fondo económico dos contratos co obxecto de determinar a existencia de arrendamentos implícitos. Un contrato contén un arrendamento si o cumprimento do acordo depende do uso dun activo ou activos específicos. Nestes casos, a Sociedade separa no inicio do contrato, en función dos seus valores razoables, os pagamentos e contraprestacións relativos o arrendamento dos correspondentes o resto de elementos incorporados o acordo. Os pagamentos relativos ó arrendamento se rexístran mediante a aplicación dos criterios os que se fai referencia neste apartado.

As cotas derivadas dos arrendamentos operativos, netas dos incentivos recibidos, recoñécense como gasto de xeito lineal durante o prazo de arrendamento, agás que sexa máis representativa outra base sistemática de reparto por recoller mellor o patrón temporal dos beneficios do arrendamento.

(Continúa)

(d) Instrumentos financeiros

(i) Clasificación e separación de instrumentos financeiros

Os instrumentos financeiros clasifícanse no momento do seu recoñecemento inicial como un activo financeiro, un pasivo financeiro ou un instrumento de patrimonio, de conformidade co fondo económico do acordo contractual e coas definicións de activo financeiro, pasivo financeiro ou de instrumento de patrimonio.

A Sociedade clasifica os instrumentos financeiros nas diferentes categorías atendendo ás súas características no momento do seu recoñecemento inicial.

As operacións de compra ou venda de activos financeiros instrumentadas mediante contratos convencionais, entendidos como aqueles nos que as obrigas recíprocas das partes deben consumirse dentro dun marco temporal establecido pola regulación ou polas convencións do mercado e que no poden liquidarse por diferencias, recoñécense na data de contratación ou liquidación.

(ii) Principios de compensación

Un activo financeiro e un pasivo financeiro son obxecto de compensación só cando a Sociedade ten o dereito esixible de compensar os importes recoñecidos e ten a intención de liquidar a cantidade neta ou de realizar o activo e cancelar o pasivo simultaneamente.

(iii) Préstamos e partidas a cobrar

Os préstamos e partidas a cobrar compóñense de créditos por operacións comerciais e créditos por operacións non comerciais con cobros fixos ou determinables que non cotizan nun mercado activo distintos de aqueles clasificados noutras categorías de activos financeiros. Estes activos recoñécense polo seu valor razoable, incluíndo os custos de transacción incorridos, e valóranse posteriormente polo custo amortizado, utilizando o método do tipo de xuro efectivo.

Nembargantes, os activos financeiros que non teñan un tipo de xuro establecido, nos que o importe venza ou se espere recibir no curto prazo e o efecto de actualizar non sexa significativo valóranse polo seu valor nominal.

(iv) Xuros e dividendos

Os xuros recoñécense polo método do tipo de xuro efectivo.

(v) Baixas de activos financeiros

Os activos financeiros danse de baixa contable cando os dereitos a recibir fluxos de efectivo relacionados cos mesmos venceron ou se transferiron e a Sociedade traspasou substancialmente os riscos e beneficios derivados da titularidade.

A baixa dun activo financeiro na súa totalidade implica o recoñecemento de resultados pola diferenza existente entre o seu valor contable e a suma da contraprestación recibida, neta dos gastos da transacción, incluíndo os activos obtidos ou pasivos asumidos e calquera perda ou ganancia diferida nos ingresos e gastos recoñecidos no patrimonio neto.

(vi) Deterioro de valor de activos financeiros

Un activo financeiro ou grupo de activos financeiros considérase deteriorado e produciuse unha perda por deterioro se existe evidencia obxectiva do deterioro como resultado dun ou máis eventos producidos despois do recoñecemento inicial do activo, e ese evento ou eventos causantes da perda teñen un impacto sobre os fluxos de efectivo futuros estimados do activo ou grupo de activos financeiros que poida ser estimado con fiabilidade.

A Sociedade segue o criterio de rexistrar as oportunas correccións valorativas por deterioro dos préstamos e partidas a cobrar, cando se produce unha redución ou retardo nos fluxos de efectivo estimados futuros motivados pola insolvencia do debedor.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

A perda por deterioro recoñécese con cargo ós resultados e considérase reversible en exercicios posteriores se a diminución pode ser obxectivamente relacionada con un evento posterior ó seu recoñecemento. Nembargantes, a reversión da perda ten como límite o custo amortizado que tiveran os activos se non se tivera rexistrada a perda por deterioro de valor.

(vii) Pasivos financeiros

Os pasivos financeiros, incluíndo acreedores comerciais e outras contas a pagar, que non se clasifican como mantidos para negociar ou como pasivos financeiros a valor razonable con cambios na conta de perdas e ganancias, recoñécense inicialmente polo seu valor razonable, menos, no seu caso, os costes de transacción que son directamente atribuíbles á emisión dos mesmos. Con posterioridade ó recoñecemento inicial, os pasivos clasificados baixo esta categoría valóranse a coste amortizado utilizando o método do tipo de interés efectivo.

A Sociedade da de baixa un pasivo financeiro ou unha parte do mesmo cando cumpliu coa obrigación contida no pasivo ou ben está legalmente dispensada da responsabilidade principal contida no pasivo, xa sexa en virtude dun proceso xudicial ou polo acreedor.

(e) Existencias

As existencias valóranse inicialmente polo custo de adquisición ou produción.

O custo de adquisición inclúe o importe facturado polo vendedor despois de deducir calquera desconto, rebaixa ou outras partidas similares así como xuros incorporados ó nominal dos débitos, máis os gastos adicionais que se producen ata que os bens estean situados para a súa venda e outros directamente imputables á adquisición, así como os impostos indirectos non recuperables da Facenda Pública.

Non obstante, a Sociedade inclúe no custo de adquisición os xuros incorporados ós débitos con vencemento non superior a un ano que non teñen tipo de xuro contractual, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Os descontos concedidos por provedores recoñécense, no momento en que é probable que se vaian a cumprir as condicións que determinan a súa concesión, como unha redución do custo das existencias que os causaron e o exceso, no seu caso, como unha minoración da partida aprovisionamentos da conta de perdas e ganancias.

O custo das materias primas e outros aprovisionamentos asígnase ás distintas unidades das existencias mediante a aplicación do método FIFO.

Os anticipos a conta de existencias figuran valorados polo seu coste.

O valor de custo das existencias é obxecto de corrección valorativa naqueles casos nos que o seu custo exceda ao seu valor neto realizable.

A corrección valorativa recoñecida previamente revértese contra resultados, se as circunstancias que causaron a rebaixa do valor deixaron de existir ou cando existe unha clara evidencia dun incremento do valor neto realizable como consecuencia dun cambio nas circunstancias económicas. A reversión da corrección valorativa ten como límite o menor do custo e do novo valor neto realizable das existencias.

(f) Efectivo e outros activos líquidos equivalentes

O efectivo e outros activos líquidos equivalentes inclúen o efectivo en caixa e os depósitos bancarios á vista en entidades de crédito. Tamén se inclúen baixo este concepto outros investimentos a curto prazo de gran liquidez sempre que sexan facilmente convertibles en importes determinados de efectivo e que teñan un risco insignificante de cambios de valor. Deste xeito se inclúen os investimentos con vencementos de menos de tres meses dende a data de adquisición.

(Continúa)

(g) Subvencións, donacións e legados

As subvencións, donacións e legados contabilízanse como ingresos e gastos recoñecidos en patrimonio neto cando se obtén a concesión oficial das mesmas e se teñen cumprido as condicións para a súa concesión ou non existen dúbidas razoables sobre a recepción das mesmas.

As subvencións, donacións e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido e as de carácter non monetario polo valor razoable do activo recibido.

En exercicios posteriores as subvencións, donacións e legados impútanse ós resultados atendendo a súa finalidade.

As subvencións de capital impútanse ó resultado do exercicio en proporción á amortización correspondente ós activos financiados coas mesmas ou, no seu caso, cando se produza a enaxenación, baixa ou corrección valorativa por deterioro dos mesmos.

No caso de activos non depreciables, a subvención impútase a resultados do exercicio no que se produce a enaxenación, baixa ou corrección valorativa por deterioro dos mesmos.

As subvencións para financiar gastos específicos impútanse a ingresos no exercicio que se devengan os gastos financiados.

(h) Ingresos por venda de bens e prestación de servicios

Os ingresos pola venda de bens ou servicios recoñécense polo valor razoable da contrapartida recibida ou a recibir derivada dos mesmos. Os descontos por pronto pagamento, por volume ou outro tipo de descontos, así como os xuros incorporados ao nominal dos créditos, rexístranse como unha minoración dos mesmos.

Nembargantes, a Sociedade inclúe os xuros incorporados ós créditos comerciais con vencemento non superior ó ano que non teñen un tipo de xuro contractual cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Os descontos concedidos ós clientes recoñécense no momento en que é probable que cumpran as condicións que determinan a súa concesión como unha redución dos ingresos por vendas.

Os anticipos a conta de vendas futuras figuran valorados polo valor recibido.

Prestación de servicios

Os ingresos derivados da prestación de servicios recoñécense considerando o grao de realización á data de peche cando o importe dos ingresos, o grao de realización, os custos incorridos e os pendentes de incorrer poidan ser valorados con fiabilidade e sexa probable que se reciban os beneficios económicos derivados da prestación do servicio.

No caso de prestacións de servicios das que o resultado final non pode ser estimado con fiabilidade, os ingresos só se recoñecen ata o límite dos gastos recoñecidos que sexan recuperables.

A Sociedade evalúa periodicamente se algún contrato de prestación de servicios ten carácter oneroso e recoñece, no seu caso, as provisións necesarias dacordo cos criterios establecidos na lexislación contable vixente.

(i) Imposto sobre beneficios

O gasto ou ingreso polo imposto sobre beneficios comprende tanto o imposto corrente como o imposto diferido.

Os activos ou pasivos por imposto sobre beneficios corrente valóranse polas cantidades que se espera pagar ou recuperar das autoridades fiscais, utilizando a normativa e tipos impositivos vixentes ou aprobados e pendentes de publicación na data de peche do exercicio.

O imposto sobre beneficios corrente ou diferido recoñécese en resultados, agás que xurda dunha transacción ou suceso económico que fora recoñecido no mesmo exercicio ou en outro diferente contra patrimonio neto ou ben dunha combinación de negocios.

(i) Recoñecemento de pasivos por impuesto diferido

A Sociedade recoñece pasivos por imposto diferido en todos os casos agás que proveñan do recoñecemento inicial do fondo de comercio ou dun activo ou pasivo nunha transacción que non é unha combinación de negocios e que na data da transacción non afecta nin ó resultado contable nin á base imponible fiscal.

(ii) Recoñecemento de activos por imposto diferido

A Sociedade recoñece os activos por imposto diferido sempre que resulte probable que existan ganancias fiscais futuras suficientes para a súa compensación. Sen embargo, os activos que surxan do recoñecemento inicial de activos ou pasivos nunha transacción que non é unha combinación de negocios e na data da transacción non afecta nin ó resultado contable nin á base imponible fiscal, non son obxecto de recoñecemento.

Salvo proba en contrario, non se considera probable que a Sociedade dispoña de ganancias fiscais futuras cando se prevexa que a súa recuperación futura se vai producir nun prazo superior ós dez anos contados dende a data de peche do exercicio, ó marxe de cal sexa a natureza do activo por imposto diferido, ou no caso de tratarse de créditos derivados de deducción e outras ventaxas fiscais pendentes de aplicar fiscalmente por insuficiencia de cuota, cando producíndose a actividade ou obtendo o rendimento que orixine o dereito á deducción ou bonificación, existan dudas razoables sobre o cumprimento dos requisitos para facelas efectivas.

(iii) Valoración

Os activos e pasivos por imposto diferido valóranse polos tipos impositivos que vaian ser de aplicación nos exercicios nos que se espera realizar os activos ou pagar os pasivos, a partir da normativa e tipos que estén vixentes ou aprobados e pendentes de publicación e unha vez consideradas as consecuencias fiscais que se derivarán da forma na que a Sociedade espera recuperar os activos ou liquidar os pasivos. A estes efectos, a Sociedad considerou a deducción por reversión de medidas temporais desenrollada na disposición transitoria trixésima séptima da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades, como un axuste ó tipo impositivo aplicable á diferenza temporaria deducible asociada á non deducibilidade das amortización practicadas nos exercicios 2013 e 2014.

(iv) Compensación e clasificación

A Sociedade só compensa os activos e pasivos por imposto sobre beneficios se existe un dereito legal fronte as autoridades fiscais e ten a intención de liquidar as débedas que resulten polo seu importe neto ou ben realizar os activos e liquidar as débedas de xeito simultáneo.

Os activos e pasivos por imposto diferido recoñécense no balance como activos ou pasivos non correntes, independentemente da data esperada de realización ou liquidación.

(j) Medioambiente

A Sociedade realiza cando é necesario operacións co propósito principal de previr, reducir ou reparar o dano que como resultado das súas actividades poida producir no medio ambiente.

Os gastos derivados das actividades medioambientais recoñécense como Outros gastos de explotación no exercicio no que se incorren.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

(5) Inmobilizado Intanxible

A composición e o movemento nas contas incluídas no inmobilizado intanxible durante os exercicios 2015 e 2014 preséntanse a continuación:

	2015		
	Euros		
	Licencias	Aplicacións informáticas	Total
Custo ó 1 de xaneiro e ó 31 de decembro de 2015	6.403	335.911	342.314
Amortización acumulada ó 1 de xaneiro de 2015	(5.997)	(324.083)	(330.080)
Amortizacións	(3)	(8.521)	(8.524)
Amortización acumulada ó 31 de decembro de 2015	(6.000)	(332.604)	(338.604)
Valor neto contable ó 31 de decembro de 2015	403	3.307	3.710

	2014		
	Euros		
	Licencias	Aplicacións informáticas	Total
Custo ó 1 de xaneiro e ó 31 de decembro de 2014	6.403	335.911	342.314
Amortización acumulada ó 1 de xaneiro de 2014	(5.487)	(315.379)	(320.866)
Amortizacións	(510)	(8.704)	(9.214)
Amortización acumulada ó 31 de decembro de 2014	(5.997)	(324.083)	(330.080)
Valor neto contable ó 31 de decembro de 2014	406	11.828	12.234

(a) Bens totalmente amortizados

O custo dos inmobilizados intanxibles que están totalmente amortizados e que aínda están en uso ó 31 de decembro é como segue:

	Euros	
	2015	2014
Licencias	6.000	3.536
Aplicacións informáticas	328.920	328.920
	335.005	332.456

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

(6) Inmobilizado Material

A composición e o movemento nas contas incluídas no Inmobilizado material recóllense no seguinte cadro:

	2015					Total
	Euros					
	Terreos	Construcións	Instalacións técnicas, maquinaria e outras instalacións	Utilaxe e mobiliario	Outro inmovilizado	
Custo ó 1 de xaneiro de 2015	123.627	511.241	11.797.020	133.418	928.624	13.493.930
Altas	-	-	284.290	3.804	-	288.094
Custo ó 31 de decembro de 2015	123.627	511.241	12.081.310	137.222	928.624	13.782.024
Amortización acumulada ó 1 de xaneiro de 2015	-	(293.361)	(10.108.821)	(103.194)	(890.021)	(11.395.397)
Amortizacións	-	(35.229)	(292.864)	(8.305)	(13.174)	(349.572)
Amortización acumulada ó 31 de decembro de 2015	-	(328.590)	(10.401.685)	(111.499)	(903.195)	(11.744.969)
Valor neto contable ó 31 de decembro de 2015	123.627	182.651	1.679.625	25.723	25.429	2.037.055
	2014					
	Euros					
	Terreos	Construcións	Instalacións técnicas, maquinaria e outras instalacións	Utilaxe e mobiliario	Outro inmovilizado	Total
Custo ó 1 de xaneiro de 2014	123.627	496.570	11.679.225	133.418	925.192	13.358.032
Altas	-	14.671	117.795	-	3.432	135.898
Custo ó 31 de decembro de 2014	123.627	511.241	11.797.020	133.418	928.624	13.493.930
Amortización acumulada ó 1 de xaneiro de 2014	-	(258.653)	(9.775.555)	(94.459)	(863.724)	(10.992.391)
Amortizacións	-	(34.708)	(333.266)	(8.735)	(26.297)	(403.006)
Amortización acumulada ó 31 de decembro de 2014	-	(293.361)	(10.108.821)	(103.194)	(890.021)	(11.395.397)
Valor neto contable ó 31 de decembro de 2014	123.627	217.880	1.688.199	30.224	38.603	2.098.533

(a) Xeral

Determinados axustes menores derivan da consideración como IVE deducible o soportado na adquisición de elementos de inmovilizado no exercicio 2001 a 2005, consideración que foi posible co gallo da sentenza do 6 de outubro de 2005 da Sala Terceira do Tribunal das Comunidades Europeas no asunto C-204/03, no que se declarou non conforme coa Sexta Directiva os artigos 102-uno e 104-dos de acordo coa redacción dada pola Lei 66/1997, de 30 de Decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social. A resulta da mesma, a Sociedade instou a devolución dos ingresos indebidos producidos nos exercicios 2001 a 2004 de xeito, que sendo estimada pola AEAT, determinou que houbera que axustar o prezo de adquisición dos elementos afectados (orixinalmente o devandito IVE se considerou maior custo de adquisición o estar financiados con subvencións de capital), e consecuentemente tamén a amortización acumulada, que se tiña feita nos exercicios precedentes sobre a base orixinaria, e a imputación a resultados das devanditas subvencións.

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

A partida de instalacións técnicas e maquinaria inclúe o dereito de uso sobre os bens adscritos pola Xunta de Galicia á Sociedade e dereitos de uso de infraestrutura de fibra óptica, por importe de 5.321.775 euros e 1.554.342 euros, respectivamente. Os bens adscritos pola Xunta de Galicia atópanse totalmente amortizados a 31 de decembro de 2015 e 2014.

(b) Bens totalmente amortizados

O custo dos elementos do inmovilizado material que están totalmente amortizados e que están en uso o 31 de decembro é como segue:

	Euros	
	2015	2014
Dereitos sobre bens adscritos	5.321.775	5.321.775
Construcións	9.250	9.250
Instalacións técnicas e maquinaria	3.278.233	2.749.964
Outras instalacións, utillaxe e mobiliario	52.664	49.075
Outro inmovilizado	917.460	858.082
	<u>9.579.382</u>	<u>8.988.146</u>

(c) Seguros

A Sociedade ten contratadas varias pólizas de seguro para cubrir os riscos ós que están suxeitos os elementos do inmovilizado material. A cobertura destas pólizas considérase suficiente.

(7) Arrendamentos operativos

A Sociedade ten arrendado a terceiros dende o exercicio 2007 as dependencias nas que se ubican as súas instalacións en réxime de arrendamento operativo así como outra maquinaria.

O importe total das cotas de arrendamentos operativos recoñecidas como gastos do exercicio 2015 ascenden a euros 336.092,99 euros (129.633 euros no exercicio 2014).

Os pagos mínimos futuros por arrendamentos operativos non cancelables son os seguintes:

	Euros	
	2015	2014
Ata un ano	8.991	73.657
Entre un e cinco anos	106.673	68.455
Mais de cinco anos	7.195	-
	<u>122.859</u>	<u>142.112</u>

(8) Política e Xestión de Riscos(a) Factores de risco financeiro

As actividades da Sociedade están, en termos xerais, expostas a riscos financeiros: risco de mercado, risco de crédito e risco de liquidez.

(i) Risco de mercado

A Sociedade non se encontra exposta a riscos de mercado significativos por activos non financeiros.

(ii) Risco de crédito

A Sociedade non ten concentracións significativas de risco de crédito. A Sociedade ten políticas para asegurar que as vendas se efectúen a clientes con un historial de crédito adecuado (na súa meirande parte entidades públicas). A corrección valorativa por insolvencias de clientes implica un seguimento elevado pola Dirección e a revisión de saldos individuais en base á calidade crediticia dos clientes, tendencias actuais do mercado e análise histórico das insolvencias a nivel conxunto.

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

(iii) Risco de liquidez

A Sociedade executa unha xestión prudente do risco de liquidez, fundada no mantemento de suficiente efectivo e valores negociables e a xestión de dispoñibilidade de financiamento.

(9) Activos Financeiros por Categorías**(a) Clasificación dos activos financeiros por categorías**

A clasificación dos activos financeiros por categorías é a seguinte:

	Euros	
	2015	2014
Préstamos e partidas a cobrar		
Clientes por ventas e prestación de servizos	1.955.530	3.090.814
Outras contas a cobrar	2.940	973
Total activos financeiros	1.958.470	3.091.787

(10) Debedores Comerciais**(a) Debedores comerciais e outras contas a cobrar**

O detalle de debedores comerciais e outras contas a cobrar é como segue:

	Euros	
	2015	2014
<i>Vinculadas</i>		
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)	-	1.252.204
Secretaría Xeral de Medios	235.551	288.199
RTVG e TVG	274.008	280.285
Xunta de Galicia	2.191	-
Outras	694	1.403
<i>Non vinculadas</i>		
Clientes	2.902.713	2.703.449
Outros deudores	200	200
Personal	2.740	773
Outros créditos coas Administracións Públicas (nota 19)	238.943	86.307
Correccións valorativas por deterioro	(1.459.627)	(1.434.726)
Total	2.197.413	3.178.094

(b) Deterioro do valor

O análise do movemento das contas correctoras representativas das perdas por deterioro orixinadas polo risco de crédito de activos financeiros valorados a custo amortizado é como segue:

	Euros	
	2015	2014
Saldo inicial	1.434.726	1.418.296
Dotacións	38.578	34.704
Aplicacións	(13.677)	(18.274)
Saldo ó 31 de decembro	1.459.627	1.434.726

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

(11) Existencias

O detalle do epígrafe de existencias ao 31 de decembro é como segue:

	Euros	
	2015	2014
Materias primas e outros aprovisionamentos	167.515	167.515
Anticipos a provedores	55.776	8.373
Correccións valorativas por deterioro	(167.515)	(167.515)
	<u>55.776</u>	<u>8.373</u>

A Sociedade ten cuberta a obsolescencia dos repostos que mantén (nun sector en rápido avance tecnolóxico) mediante a dotación da oportuna provisión de 167.515 euros.

(12) Periodificacións

O epígrafe de periodificacións rexistradas no activo do balance correspóndense con pagos no exercicio 2015 e 2014 por servicios ordinarios de funcionamento (consumos, primas de seguros, etc.) da Sociedade correspondentes ós exercicios seguintes.

(13) Efectivo e outros activos líquidos equivalentes

O detalle do epígrafe efectivo e outros activos líquidos equivalentes é como segue:

	Euros	
	2015	2014
Caixa	1.036	838
Contas correntes en entidades financieras	<u>2.408.670</u>	<u>1.808.938</u>
Total	<u>2.409.706</u>	<u>1.809.776</u>

(14) Fondos Propios

A composición e o movemento do patrimonio neto se presentan no estado de cambios no patrimonio neto.

(a) Capital

O capital social está composto por mil accións nominativas, de única clase e serie, de 60,11 euros de valor nominal cada unha delas. Este capital atópase enteiramente suscrito e desembolsado en orixe pola Xunta de Galicia, que é por tanto o Accionista Único, sen que lle fora notificada á Sociedade ningunha transmisión. As accións da Sociedade non están admitidas a cotización en mercado organizado ningún, non existen ampliacións e/ou conversións en curso, e non se realizaron negocios xurídicos sobre accións propias.

(b) Reservas**(i) Reserva legal**

A reserva legal foi dotada de conformidade coa normativa mercantil vixente que dispón que, en todo caso, unha cifra igual ó 10 por 100 do beneficio do exercicio destinarase a incrementar a reserva legal ata que alcance, polo menos, o 20 por 100 do capital social.

Non pode ser distribuída e se é usada para compensar perdas, no caso de que no existan outras reservas dispoñibles suficientes para tal fin, debe ser repostada con beneficios futuros.

(ii) Reservas voluntarias

As reservas voluntarias son de libre disposición.

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

(c) Outras achegas de socios

As subvencións concedidas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) outorgadas para financiar gastos xerais de funcionamento da empresa, e que non están asociadas a ningunha actividade ou área de actividade en concreto senón o conxunto das actividades que realiza a Sociedade, recoñécense no patrimonio neto no epígrafe de Outras achegas de socios (véxase nota 4 (g)). Nos exercicios 2015 e 2014 a Sociedade non recibiu ningunha cantidade por este concepto.

(15) Subvencións, Doazóns e Legados Recibidos

O movemento das subvencións, donacións e legados recibidos de carácter non reintegrable é como sigue:

	Euros	
	2015	2014
Saldo inicial	1.620.836	1.724.873
Subvencións concedidas no exercicio (neto de efecto fiscal)	65.961	79.138
Axustes por devolución de IVA (neto efecto fiscal)	8.156	8.083
Trasposos á conta de perdas e ganancias (neto de efecto fiscal)	(265.066)	(236.263)
Ajuste de tipos impositivos	59.579	45.005
Saldo ó 31 de decembro	1.489.466	1.620.836

O organismo concedente das subvencións de capital en anos anteriores foi en todos os casos a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), e destináronse integramente a financiar as adquisicións de inmovilizado especificadas nas notas 5 e 6 da presente memoria, parte das cales encontrábanse pendentes de cobro a 31 de decembro de 2014 (véxase nota 10).

A subvención concedida durante o exercicio 2015 correspóndese con unha subvención de explotación por parte do CDTI (Fondos FEDER Interconecta) por importe de 91.612 euros (58.557 euros no exercicio 2014) rexistrada no epígrafe de outros ingresos de explotación da conta de pérdas e ganancias.

(16) Pasivos Financeiros por Categorías(a) Clasificación dos pasivos financeiros por categorías

A clasificación dos pasivos financeiros por categorías se mostra de seguido:

	Euros	
	2015	2014
Debitos e partidas a pagar		
Outros pasivos financeiros	227.409	20.379
Provedores	2.300.749	3.437.661
Outras contas a pagar	285.603	186.073
Total pasivos financeiros	2.813.761	3.644.113

(17) Débedas Financeiras e Acredores Comerciais(a) Débedas

O saldo a 31 de decembro de 2015 e 2014 do epígrafe de outros pasivos financeiros corresponden integramente a débedas cos provedores de inmovilizado, sendo o seu vencemento a menos dun ano.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

(b) Acredores Comerciais e Outras Contas a Pagar

O detalle de acredores comerciais e outras contas a pagar é como segue:

	Euros	
	2015	2014
	Corrente	
<i>No vinculadas</i>		
Acredores por prestación de servizos	2.300.749	3.437.661
Débedas co persoal	285.603	185.763
Débedas coas Administracións Públicas (nota 19)	98.043	251.417
Anticipos de clientes	12.171	310
Total	2.696.566	3.875.151

(18) **Información sobre o período medio de pago a provedores. Disposición adicional terceira. "Deber de información" da Lei 15/2010, do 5 de xullo"**

A Disposición final segunda da Lei 31/2014 modificou a Disposición adicional terceira da Lei 15/2010, de 5 de xullo, que a súa vez modificou a Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, establecendo que todas as sociedades mercantís incluírán de forma expresa na memoria das súas contas anuais o seu período medio de pago a provedores:

	2015 (días)
Período medio de pago a provedores	94,11
Ratio das operacións pagadas	97,60
Ratio das operacións pendentes de pago	82,49
	Importe (euros)
Total pagos realizados	7.646.160
Total pagos pendentes	2.300.749

A Sociedade procedeu ao cálculo da información anterior aplicando os seguintes criterios:

Período medio de pago a provedores	=	$\frac{\text{Ratio das operacións pagadas} * \text{importe total de pagos realizados} + \text{Ratio operacións pendentes de pago} * \text{importe total pagos pendentes}}{\text{Importe total de pagos realizados} + \text{importe total de pagos pendentes}}$
Ratio de operacións pagadas	=	$\frac{\Sigma(\text{número de días de pago} * \text{importe da operación pagada})}{\text{Importe total de pagos}}$
Ratio de operacións pendentes de pago	=	$\frac{\Sigma(\text{número de días pendentes de pago} * \text{importe da operación pendente de pago})}{\text{Importe total de pagos pendentes}}$

Entenderase por número de días pendentes de pago, os días naturais que transcurran dende a data na que se inicie o cómputo do prazo ata o último día do período ó que se refiren estas contas anuais.

Para o cálculo tanto do número de días de pago como do número de días pendentes de pago, a Sociedade comenzo a computar o prazo dende a data de recepción das mercancías ou prestacións dos servizos.

(Continúa)

(19) Situación Fiscal

O detalle dos saldos coas Administracións Públicas é como segue:

	Euros			
	2015		2014	
	Non corrente	Corrente	Non corrente	Corrente
Activos				
Activo por imposto diferido	71.205	-	79.117	-
Subvencións	-	3.739	-	86.239
Imposto sobre o valor engadido	-	148.171	-	-
Activo por imposto corrente	-	87.033	-	68
	<u>71.205</u>	<u>238.943</u>	<u>79.117</u>	<u>86.307</u>
		(nota 10)		(nota 10)
Pasivos				
Pasivos por imposto diferido	496.489	-	630.069	-
Pasivo por imposto corrente	-	-	-	99.196
Imposto sobre o valor engadido, IRPF e similares	-	43.678	-	95.127
Seguridade Social	-	54.365	-	57.094
	<u>496.489</u>	<u>98.043</u>	<u>630.069</u>	<u>251.417</u>
		(nota 17)		(nota 17)

Activo por imposto diferido inclúe o 30% da amortización do exercicio 2014 e 2013 non deducible fiscalmente que a Sociedade poderase deducir a partir do exercicio 2015.

O pasivo por imposto diferido corresponde o efecto fiscal das subvencións de capital rexistradas formando parte do patrimonio neto (véxase nota 15).

A Sociedade ten pendentes de inspección polas autoridades fiscais os seguintes exercicios dos principais impostos que lle son aplicables:

Imposto	Exercicios abertos
Imposto sobre Sociedades	2011-2014
Imposto sobre el Valor Engadido	2012-2015
Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas	2012-2015
Seguridade Social	2012-2015

Como consecuencia, entre outras, das diferentes posibles interpretacións da lexislación fiscal vixente, poderían xurdir pasivos adicionais como resultado dunha inspección. En todo caso, os Administradores da Sociedade consideran que devanditos pasivos, caso de producirse, non afectarían significativamente ás contas anuais.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

A conciliación entre o importe neto dos ingresos e gastos do exercicio anual terminado o 31 de decembro de 2015 y 2014 e a base imponible, así como o importe da conta a pagar ou devolver por imposto sobre sociedades é como segue:

	2015						Total
	Euros						
	Conta de pérdas e ganancias			Cambios no patrimonio neto			
Aumentos	Disminucións	Neto	Aumentos	Disminucións	Neto		
Saldo de ingresos e gastos do exercicio	840.087	-	840.087	133.696	(265.066)	(131.370)	708.717
Imposto sobre Sociedades	328.314	-	328.314	25.652	(103.081)	(77.429)	250.885
Diferencias permanentes	4.148	-	4.148	-	-	-	4.148
Diferencias temporarias							
Con orixe no exercicio	-	-	-	368.147	(159.348)	208.799	208.799
Con orixe en exercicios anteriores	-	(26.372)	(26.372)	-	-	-	(26.372)
Base imponible, resultado fiscal			<u>1.146.177</u>			<u>-</u>	<u>1.146.177</u>
Cuota ao 28%							320.929
Deduccións en cuota							(527)
Retencións e pagos a conta							<u>(407.367)</u>
Imposto sobre sociedades a devolver							<u>(86.965)</u>

	2014						Total
	Euros						
	Conta de pérdas e ganancias			Cambios no patrimonio neto			
Aumentos	Disminucións	Neto	Aumentos	Disminucións	Neto		
Saldo de ingresos e gastos do exercicio	403.896	-	403.896	(236.263)	132.224	(104.039)	299.857
Imposto sobre Sociedades	173.098	-	173.098	(101.255)	37.380	(63.875)	109.223
Diferencias temporarias							
Con orixe no exercicio	<u>123.666</u>	-	<u>123.666</u>	<u>337.518</u>	<u>(169.604)</u>	<u>167.914</u>	<u>291.580</u>
Base imponible, resultado fiscal			<u>700.660</u>				<u>700.660</u>
Cuota ao 30%							210.198
Retencións e pagos a conta							<u>(111.002)</u>
Imposto sobre sociedades a pagar							<u>99.196</u>

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

A relación existente entre o gasto por imposto sobre beneficios e o beneficio do exercicio detállase a continuación:

	Euros	
	2015	2014
Saldo de ingresos e gastos do exercicio antes de impostos	1.168.401	576.994
Diferencias permanentes	4.148	-
Imposto ó 28% (30% en 2014)	328.314	173.098
Gasto por imposto sobre beneficios	328.314	173.098

O detalle do gasto por imposto sobre beneficios é como segue:

	Euros	
	2015	2014
Imposto corrente	320.929	210.198
Imposto diferido	7.385	(37.100)
	328.314	173.098

(20) Información Medioambiental

Dada a actividade á que se dedica a Sociedade, esta non ten responsabilidades, gastos, activos, provisións nin continxencias de natureza medioambiental que puideran ser significativas en relación co patrimonio, a situación financeira e os resultados. Por isto, non se inclúen desagregacións específicas na presente Memoria das Contas Anuais respecto a información de cuestións medioambientais.

(21) Saldos e Transaccións con Partes Vinculadas**(a) Transaccións da Sociedade co Accionista único**

A Sociedade celebrou e executou no exercicio 2015 e 2014 contratos coa Xunta de Galicia (Accionista Único) e coa Axencia para a Modernización e Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), para a prestación dos seguintes servizos:

	Euros	
	2015	2014
Investimento e programa de comunicación en relación coa TDT	471.101	475.448
Plan de Banda Larga	861.815	1.905.618
Conexión de circuitos Gbps Backup	2.111	154.838
Outras conexións	5.433	5.488
Servicios TETRA	237.907	-
	1.578.387	2.541.392

A Sociedade realizou transaccións (prestacións de servizos principalmente) coas sociedades vinculadas Radio Televisión de Galicia, Televisión de Galicia e Compañía Radiotelevisión de Galicia no exercicio 2015 por importe de 3.411.298 euros (2.789.582 euros no exercicio 2014).

(b) Información relativa os Administradores e persoal de alta Dirección da Sociedade

Durante o exercicio 2015 os Administradores da Sociedade devengaron remuneracións por todos os conceptos por importe de 3.821 euros (3.474 euros no exercicio 2014).

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

Os Administradores e os membros da Alta Dirección non teñen concedidos anticipos ou créditos e non se asumiron obrigacións por conta deles a título de garantía. Así mesmo a Sociedade non ten contraídas obrigacións en materia de pensións e de seguros de vida con respecto a antigos ou actuais Administradores da Sociedade nin membro da Alta Dirección.

O importe das remuneracións devengadas no exercicio 2015 polo persoal da Alta Dirección, o cal se compón por 2 homes ascende a 109.899 euros (107.737 euros no exercicio 2014).

(c) Situacións de conflito de interese dos Administradores

Os Administradores da Sociedade e as persoas vinculadas ós mesmos, non incurriron en ningunha situación de conflito de interese que tivese que ser obxecto de comunicación dacordo co disposto no artigo 229 do TRLSC.

(22) Ingresos e Gastos(a) Importe neto da cifra de negocios

O detalle do importe neto da cifra de negocios por categorías de actividades ao 31 de decembro é como segue:

	Euros	
	2015	2014
Ingresos transporte de sinal de TV	3.902.052	3.266.331
Ingresos transporte de sinal de radio	427.836	427.836
Ingresos por enlaces	21.314	51.153
Outros (inclúe os contratos co Accionista Único)	5.147.587	5.428.699
	<u>9.498.789</u>	<u>9.174.019</u>

(b) Aprovisionamentos

O detalle dos Consumos de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos é como segue:

	Euros	
	2015	2014
Consumo de materias primas e outros		
Compras nacionais	1.933.235	2.224.989
	<u>1.933.235</u>	<u>2.224.989</u>

(c) Cargas sociais

O detalle das cargas sociais é como segue:

	Euros	
	2015	2014
Seguridade Social a cargo da empresa	548.662	571.039
Outros gastos sociais	25.793	25.719
	<u>574.455</u>	<u>596.758</u>

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

(d) Outros Resultados

O detalle doutros resultados é como segue:

	Euros	
	2015	2014
Outros gastos	(4.148)	-
Outros ingresos (regularizacións de saldos)	28.019	9.644
	<u>23.871</u>	<u>9.644</u>

(23) Información sobre o persoal

O número medio de empregados da Sociedade durante os exercicios 2015 e 2014, desglosado por categorías, é como segue:

	Número	
	2015	2014
Directivos	2	2
Técnicos (Titulados superiores ou medios)	9	9
Administrativos	4	4
Outros	32	31
	<u>47</u>	<u>46</u>

A distribución por sexos no final do exercicio do persoal da Sociedade é como segue:

	2015		2014	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Alta Dirección	-	2	-	2
Técnicos (Titulados superiores ou medios)	2	6	2	7
Administrativos	2	2	2	2
Outros	2	31	2	32
	<u>6</u>	<u>41</u>	<u>6</u>	<u>43</u>

Por outra banda, o Consello de Administración da Sociedade a 31 de decembro de 2015 e 2014 está composto por 6 membros, dos cais 4 son homes.

(24) Litixios

Durante o exercicio 2013 a Sociedade viuse inmersa na decisión da Comisión Europea relativa á axuda estatal SA.28599 (C 23/2010 (ex NN 36/2010, ex CP 163/2009)) concedida polo Reino de España para o despliegue da televisión dixital terrestre nas zonas remotas e menos urbanizadas (excepto en Castilla-La Mancha) na que declaraba á Sociedade como eventual beneficiario dunha axuda de estado ilegal e por tanto suxeita a recuperación.

Frente esta situación a Sociedade iniciou un procedemento xudicial contra a Comisión Europea cuxo obxecto é a impugnación da decisión da Comisión Europea. Tras a correspondente tramitación procedimental (tanto da fase escrita como da fase oral do procedemento), o 26 de novembro de 2015 o Tribunal Xeral da Unión Europea dictou Sentencia que si ben desestimou os recursos de anulación interpostos, non obstante contén importantes pronunciamentos que virían a confirmar a posición defendida pola Sociedade. Neste sentido, o Tribunal declara como "non xuridicamente vinculantes" (é dicir, sin eficacia xurídica nin vinculación obligacional) tanto a errónea calificación da Sociedade como beneficiario da axuda así como a errónea cuantificación do importe a recuperar no caso de Galicia, remitindo ó procedemento de recuperación en curso que, como igualmente declara o Tribunal na súa Sentencia respecto de Galicia (e en concreto da Sociedade), "non exclúe a posibilidade de fixar un importe da axuda que debe recuperarse igual a cero". Frente a esta Sentencia, con data 5 de febreiro de 2016 a Sociedade presenta Recurso de Casación, que se concreta en catro motivos de impugnación:

- Erro de Dereito consistente na falta de congruencia do fallo da Sentencia impugnada con respecto ao acollemento dos erros denunciados no motivo cuarto dos recursos de anulación (primeira instancia) nos que incurría a Decisión impugnada ó calificar e identificar expresamente a Retegal como beneficiario directo dunha axuda de estado ilegal, cuantificando á súa vez o importe obxecto de recuperación.
- Erro de Dereito por infracción do artigo 107.1 do TFUE ó apreciar a Sentencia impugnada a concurrencia dos requisitos para a calificación como axuda de Estado da actividade cuestionada.
- Erro de Dereito por infracción da obligación de motivar as sentencias e de apreciar erróneamente a Sentencia impugnada o carácter selectivo da axuda.
- Erro de Dereito na interpretación sobre os servizos de interés xeral e a xurisprudencia que os interpretou.

A cuantía do asunto resulta indeterminada xa que a fixación da cuantía que, no seu caso, puidese ser obxecto de recuperación, sería unha cuestión a analizar e debatir no seno do procedemento de recuperación.

A Sociedade considera que hai argumentos ó seu favor para a desestimación da citada reclamación e estiman que hai motivos para que durante o proceso de recuperación se estime correcto o criterio da Xunta de Galicia segundo o cal o importe a devolver sería de cero euros.

Á data de formulación das contas anuais do exercicio 2015 o procedemento xudicial continua dacordo cos trámites previstos no Regulamento de Procedimentos do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, estando aínda sen se resolver.

(25) Honorarios de Auditoría

KPMG Auditores S.L. e o resto das empresas coas que mantén algún dos vínculos aos que fai referencia a lexislación vixente devengaron honorarios e gastos por servizos profesionais relacionados coa auditoría por importe de 9.475 euros (10.250 euros en 2014). Este importe correspondese coa totalidade dos honorarios relativos á auditoría das Contas Anuais correspondentes os exercicios 2015 e 2014, con independencia do momento da súa facturación.

(26) Feitos posteriores

Non se produciron feitos posteriores significativos con posterioridade ao peche do exercicio con excepción da presentación o día 5 de febreiro de 2016 dun Recurso de Casación fronte á Sentencia do Tribunal Xeral da Unión Europea de data 26 de novembro de 2015 (véxase nota 24).

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U., é a sociedade mercantil pública da Xunta de Galicia que ten por obxecto a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a sociedade ten a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos no concernente á realización das actividades propias do seu obxecto social que estas lle encarguen, estando obrigada a realizalas.

Durante o ano 2015, a actividade empresarial de Retegal estivo caracterizada pola continuidade de actuación en tres fitos de grande transcendencia social:

1. Plan Director de Banda Larga 2010-2013 da Xunta de Galicia.

Con data 18 de febreiro de 2010, o Consello da Xunta aprobou o Plan Director de Banda Larga 2010-2013, que constitúe o marco estratéxico de actuación destinado a que a práctica totalidade dos cidadáns e empresas galegas teñan acceso de calidade á banda larga como un dos motores principais para o desenvolvemento de Galicia. Este Plan Director de Banda Larga 2010-2013 contempla a "Potenciación das infraestruturas públicas de telecomunicación" e, en concreto, o fortalecemento do operador público Retegal, dotándoo de medios e capacidades que permitan reducir os custos e acelerar o despregamento da banda larga, favorecendo ao mesmo tempo a presenza dos operadores privados en igualdade de condicións para a prestación de servizos e que permitan, polo tanto, unha competencia e pluralidade efectiva que redunde en progreso para Galicia.

Por Resolución da secretaría xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, de data 10 de maio de 2010, modificada por Resolución do 26 de abril de 2011, e por Resolucións da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, de datas 3 de maio de 2012, 27 de setembro de 2013, 27 de marzo de 2014, 11 de novembro de 2014 e 29 de maio de 2015, encomendouse a Retegal, na súa condición de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Xunta de Galicia, a execución dun programa de investimentos para o desenvolvemento das redes troncais e infraestruturas públicas necesarias para garantir a banda larga en Galicia, de conformidade co establecido no Plan Director de Banda Larga 2010-2013 aprobado nesta Comunidade Autónoma.

No ano 2015 rematou as actuacións encomendadas dentro do Plan de Banda Larga da Xunta de Galicia, cuxos principais fitos resúmense a continuación:

Vans de radioenlaces	90
Quilómetros fibra óptica (despois do PdBL).	1855
Centros conectados fibra óptica	32 (*)
Nodos ópticos (DWDM)	34
Nodos MPLS	31
Centros construídos	130
Adecuación centros existentes	72
Sistemas enerxía en Vcc	139
Dotación grupo en centros	7
Plan sectorial	1
Proxectos sectoriais	2

() sen contar nodos Xunta de Galicia*

2. Rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia (RESGAL).

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), por resolucións de datas 19 de xaneiro e 27 de outubro de 2015 encomendou a RETEGAL a xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e seguridade de Galicia (RESGAL)

Así as cousas, unha vez finalizada a implantación da rede, no mes de marzo de 2015, RETEGAL acometeu a complexa tarefa da explotación e xestión integrais do servizo de comunicacións móbiles, que ademais da operación e mantemento da infraestrutura de rede, contempla a xestión operativa de usuarios, tanto das entidades adscritas á Xunta de Galicia como doutras entidades con responsabilidades en materia de emerxencias e seguridade integradas na RESGAL.

Esta xestión supón un importante reto para RETEGAL, tanto pola importancia e transcendencia do servizo prestado, como pola diversidade de perfís dos usuarios e polo cambio do modo de operación que para eles supón o feito de dispoñer dunha rede de última tecnoloxía e de avanzadas prestacións.

3. Dividendo Dixital. Adecuación da rede de difusión do múltiple autonómico.

A liberación do dividendo dixital consiste na reordenación de canles da TDT para cumprir co mandato europeo de liberar as frecuencias radioeléctricas da banda de 800 MHz, con fin de poder ser empregada para tecnoloxías móbiles LTE/4G.

Coa finalidade de cumprir coa normativa comunitaria, o Goberno de España, aprobou o Real Decreto 805/2014, do 19 de setembro, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre e se regulan determinados aspectos para a liberación do dividendo dixital.

Así, a referida normativa regula o procedemento para liberar o dividendo dixital, establecendo a obriga, tanto para os radiodifusores como para os cidadáns, de realizar unha serie de investimentos. Por unha parte, os radiodifusores deberon adaptar as súas frecuencias de emisión ás novas canles definidas no Plan técnico nacional e, por outra, os cidadáns víronse na obriga de resintonizar os seus receptores, en caso de residir en vivendas con sistemas de recepción de banda larga, ou de modificar os sistemas de recepción colectivos en caso de vivir en vivendas comunitarias, supoñendo este último caso un custe para os cidadáns.

No caso do múltiple autonómico, a aplicación do Plan técnico supuxo para RETEGAL a modificación das canles de emisión en 57 centros, localizados no norte da provincia de A Coruña, no sur de Lugo e en toda a provincia de Ourense. Coa finalidade de facilitar a adecuación das instalacións comunitarias por parte dos cidadáns, en 28 dos 57 centros, que prestan servizo a áreas con elevado número de instalacións colectivas, mantívose a emisión simultánea das canles antiga e nova. Nos 29 centros restantes, con baixa ou nula taxa de cobertura a instalacións comunitarias, o cambio de canle realizouse de xeito directo á nova frecuencia.

Estes cambios de canles de emisión, realizados en tempo e forma no ano 2014, supuxeron un inxente labor de coordinación, non soamente a nivel de organización interna, senón tamén con outros axentes implicados, Administración xeral do Estado, Xunta de Galicia, outros operadores de rede, radiodifusores, fabricantes e asociacións de instaladores.

As actuacións derivadas do Dividendo Dixital, remataron con éxito no primeiro trimestre de 2015 para RETEGAL, coa finalización das emisións en simultaneidade naqueles centros cunha maior cobertura poboacional e maior índice de instalacións de recepción comunitarias.

Xa en detalle, as actuacións máis destacadas ao longo do ano 2015 foron:

1. **TELEVISIÓN**

a. **Múltiple Autonómico de TDT.**

Retegal facilita unha cobertura poboacional superior ao 96 %, con 140 centros operativos, cumprindo sobradamente cos obxectivos de cobertura poboacional establecidos polo Real Decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, para o múltiple autonómico. Non se pode obviar que, nunha Comunidade Autónoma como é a de Galicia, cunha alta dispersión poboacional e difícil orografía, a referida porcentaxe de cobertura supón un logro difícil de acadar.

Ao longo do ano 2015, Retegal operou e mantivo a rede oficial de difusión do múltiple autonómico, con índices de continuidade moi superiores aos comprometidos contractualmente cos seus clientes activos no múltiple: Televisión de Galicia e Voz TV. Débese salientar que na actualidade hay una capacidade excedentaria debido a que o terceiro integrante do múltiple autonómico, Popular TV, por decisión propia, cesou as súas emisións o día 31 de xullo de 2013. No ano 2014, realizáronse as actuacións precisas na rede de difusión do múltiple autonómico para adaptar as canles de emisión ás novas asignacións derivadas da aplicación do Real Decreto 805/2014 e das resolucións da secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información derivadas da aplicación do mesmo, continuando no primeiro trimestre de 2015 coa realización do "simultcast", emisión simultánea en ambas as dúas canles (nova e a extinguir), a realizar en centros cun número importante de antenas colectivas na súa cobertura (28 centros).

A continuación resúmense os centros e a poboación afectados:

	Norte da provincia de A Coruña	Sur da provincia de Lugo e provincia de Ourense
Nº de concellos afectados	51	123
Nº de centros de emisión afectados	29	28
Poboación afectada	733.858	391.942
Edificios con instalación colectiva	27.541	11.259
Vivendas unifamiliares	129.776	150.133

Independentemente das actuacións derivadas do Dividendo Dixital, mellorouse o equipamento de difusión dos centros de Muros, Noia e Verín, dotándoos de sistemas de redundancia con conmutación automática, así como o paso a transmisor do equipamento do centro emisor de Xaviña (Camariñas), actuacións que redundan nunha maior continuidade e calidade dos servizos.

b. **TVE e múltiples SFN.**

Múltiple estatal (RGE).- En virtude do contrato asinado con Abertis-Telecom, continuouse coa prestación dos servizos para a extensión da cobertura da rede RGE (Televisión Española) na Comunidade Autónoma de Galicia obténdose, deste modo, uns índices de cobertura poboacional superiores aos tradicionalmente acadados nos despregamentos planificados e costeados polos operadores de televisión estatal.

Ademais, Retegal vén prestando o servizo de difusión do múltiple público RGE-2 en 10 dos seus centros.

RETEGAL iniciou no ano 2014, a realización das actuacións necesarias nos centros contratados con Abertis-Telecom para a súa adecuación á nova asignación derivada do Real Decreto 805/2014 e das resolucións da secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información que, realizadas en prazo e forma, afectaron ás catro provincias galegas, actuacións que se prolongaron ata o primeiro trimestre do 2015 na área técnica de Domaio.

c. TDT Local

En 2015 Retegal prestou, sempre con excelentes índices de continuidade, os servizos de codificación, multiplexación, contribución e difusión dos múltiples de TDT local de Ribeira, Santiago e Vigo.

d. Outros servizos TVG.

Adecuación dos circuitos de transporte das cámaras de vistas para a súa adecuación ás novas cámaras IP instaladas por TVG e coordinación da instalación destas.

2. SERVIZOS DE RADIODIFUSIÓN**a. Radio autonómica**

Retegal facilita os servizos de transporte e difusión á Radio Galega (RG), con 38 centros de emisión operativos que facilitan unha cobertura poboacional superior ao 96%.

Ao longo do ano 2015, Retegal operou e mantivo a rede oficial de difusión do múltiple autonómico, con índices de continuidade moi superiores aos comprometidos contractualmente co seu cliente.

Entre as actuacións e melloras mais relevantes realizadas nas infraestruturas e no equipamento que prestan servizo á Radio Galega figuran:

- Renovación do equipamento de FM de alta potencia, incluso sistemas de conmutación automática, nos centros emisores de Bailadora, Domaio e Xesteiras (5 KW)
- Renovación do equipamento de difusión de media potencia, incluso sistemas de conmutación automática, nos centros emisores de Penarrubia -Lugo- (2 KW) e Verín -Ourense- (1 KW).
- Renovación do equipamento de baixa potencia da estación de difusión de Pontenova (500 W).
- Ampliación da rede de distribución da Radio Galega aos centros de Murños, Lalin, Cañiza e Pontenova.
- Instalación e posta en servizo dun sistema de telesupervisión e monitorado remoto da Radio Galega (2 Fase).

b. Outros operadores de radiodifusión.

Instalación dun sistema radiante de FM no centro emisor de Becerreá para prestación de servizos en réxime de interconexión a operadores.

3. SERVIZOS DE COMUNICACIÓNS MÓBILES

RETEGAL, ademais da anteriormente citada xestión operativa da RESGAL, pon a disposición da rede as infraestruturas necesarias (caseta, torre e enerxía en corrente continua) facilitando, a través dos seus recursos o transporte e a interconexión entre os diferentes elementos do sistema.

No aspecto administrativo, RETEGAL facilitou soporte para a tramitación das reservas de espectro e autorizacións precisas por parte da Administración xeral do Estado.

Así mesmo, RETEGAL realizou os modelos de explotación e xestión do servizo acordos coas necesidades e particularidades dos diferentes usuarios finais, parametrizando e integrando os diferentes perfís de usuarios para cada unha das entidades adscritas á RESGAL.

4. SERVIZOS DE CONECTIVIDADE E TRANSPORTE

Ao longo do ano 2015, continuouse coa prestación dos servizos de conectividade prestados por RETEGAL aos operadores privados, destacando entre eles os prestados dentro do marco do contrato do "Servizo de rede de telecomunicacións corporativa da Xunta de Galicia".

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Informe de xestión

Dentro das actuacións destinadas a mellorar a capilaridade, capacidade, integridade e robustez da súa rede, Retegal realizou:

- Adquisición e instalación de 2 vans de radioenlaces de espectro expandido.
- Adquisición e instalación de 2 vans de radioenlaces en banda licenciada.
- Mellora da capacidade da rede, tanto a nivel óptico (DWDM) como de conmutación (MPLS), implementando capacidades de 10 Gbps nos circuitos San Caetano - San Marcos e San Marcos – Cidade da Cultura.

5. SISTEMAS

No capítulo de sistemas, sempre coa premisa da súa mellora para dotar a RETEGAL de ferramentas que melloren a explotación dos servizos, ademais de optimizar o mantemento e os sistemas existentes, realizáronse as seguintes actuacións:

- Mellora da capacidade de routing e switching do Centros de Proceso de Datos (CPD) de San Marcos.
- Incremento da capacidade de almacenamento e largo de banda nos servidores de almacenamento no CPD de San Marcos.
- Implantación dunha ferramenta para control e seguimento de coordinación de actividades empresariais.

6. INFRAESTRUTURAS

Dentro das actuacións contempladas no Plan Director de Banda Larga en materia de obra civil e infraestruturas básicas destacan:

- Construción de 4 novos centros, que comprenden caseta e torre.
- Construción de 15 liñas eléctricas.
- Adquisición e instalación de 3 sistemas de rectificación.

Entre as actuacións en infraestruturas realizadas por RETEGAL destacan:

- Construción dunha nova torre de telecomunicacións
- Reforzo de 2 torres existentes.
- Reforzo e adecuación de 17 acometidas eléctricas en propiedade
- Renovación de 2 grupos electrógenos.
- Adquisición de 7 sistemas de enerxía en corrente continua.
- Adquisición e instalación de 14 cadros eléctricos autorrearmables.
- Adecuación das instalacións de San Marcos. Nova sala de equipos.

7. CENTRO DE XESTION E ATENCIÓN DE REDE (CEXAR) E CENTRO DE OPERACIÓNS (CDO)

Dentro do proceso de mellora operativa da empresa, leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Incorporación da xestión de novos servizos de transporte e albergamento.
- Incorporación da xestión de rede e operativa dos servizos da RESGAL.
- Xestión e seguimento das actuacións relativas ao Dividendo Dixital.
- Implantación do procedemento de comunicación a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información (SETSI) dos sucesos que conlevar unha degradación da calidade do servizo de comunicación audiovisual televisiva por ondas hercianas terrestres

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Informe de xestión

Como indicadores do labor realizado por este centro, sirvan os seguintes:

- Xestión de 4.417 incidencias e 8.891 intervencións.
- Xestión de 1.778 accesos a centros (solicitude, confirmación e seguimento).
- Xestión de 11.300 chamadas.

8. ORGANIZACIÓN

No ano 2013 Retegal instaurou un novo modelo organizativo, conforme cos modelos e estándares habituais en operadores de telecomunicacións. Este modelo susténtase en dous piares fundamentais:

- Orientación a servizo.
- Xestión orientada a proceso.

A implantación deste modelo supón unha reestruturación do traballo dentro da empresa, que se caracteriza pola segregación entre as funcións de enxeñería e operacións, orientando as operacións a servizo. Así mesmo este modelo implica un cambio no modelo relacional cos clientes, tanto no referente á provisión inicial do servizo, como ás comunicacións unha vez consolidados estes.

O proceso de implantación do novo modelo organizativo implica a toda a estrutura da empresa e, polo seu alcance e complexidade, é un proceso vivo que se realiza baixo a premisa de "mellora constante". Así, dende o ano 2014, RETEGAL vén desenvolvendo novos procesos e procedementos conforme ao modelo definido para a nova estrutura organizativa, traballos no ano 2015 centráronse fundamentalmente no establecemento do proceso de implantación e seguimento de proxectos, así como os relativos á xestión operativa da RESGAI. Así mesmo, tealizouse unha análise da operativa da forza de campo do departamento de Operacións coa finalidade de mellorar a súa operativa e procedementos de actuación.

9. CALIDADE, PROCESOS E PREVENCIÓN DE RISCOS

A implantación da nova estrutura esixiu a definición dun modelo de xestión orientado a procesos, para o cal definiuse un mapa de procesos de RETEGAL, mapa que, pola propia natureza da empresa, está en constante proceso de evolución e mellora.

Así, no ano 2015, destacan a implantación do proceso de execución de proxectos e diversos procesos inherentes á explotación e xestión da Rede de comunicacións móbiles (TETRA), especialmente aqueles relacionados coa xestión operativa do servizo, incorporación de usuarios e xestión de terminais.

En 2015 renovouse a certificación do CEXAR conforme á norma UNE-EN ISO 9001:2008.

No ano 2014 realizouse un importante esforzo en materia de prevención de riscos laborais (PRL), esforzo orientado tanto a nivel interno como externo (clientes e provedores), que tivo a súa continuidade no ano 2015 coa coordinación de actividades empresariais e a adquisición da ferramenta de xestión xa mencionada.

A nivel interno, completáronse os equipos de protección individual (EPI), dotando ao persoal de roupa axeitada ás condicións específicas dos postos de traballo e impartindo formación en materia de prevención de riscos laborais.

A nivel externo, establecéronse procedementos de coordinación en materia de prevención de riscos con clientes e provedores, realizando un seguimento e control do cumprimento da normativa por parte destes últimos.

10. ACCIÓN COMERCIAL E DE COMUNICACIÓN

A empresa ten como obxectivo, non só potenciar a acción comercial e de comunicación de Retegal mediante a captación de novos clientes, senón tamén incrementar as prestacións de servizos sobre os xa existentes.

(Continúa)

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Informe de xestión

Así, entre as actuacións máis significativas realizadas no 2015, destacan as seguintes:

- Lanzamento do servizo TETRA.
- Coordinación das actuacións do Dividendo Dixital entre os axentes involucrados e comunicacións a clientes e usuarios.
- Fomalización do contrato para a prestación de diversos servizos co operador adxudicatario do contrato do servizo de rede de telecomunicacións corporativa da Xunta de Galicia. Renovación de contratos de conectividade e albergamento no marco do proxecto Repoblar.
- Renovación do contrato de soporte a difusión do múltiplex RGE a longo prazo.
- Realización dun total de 39 ofertas de servizos a clientes, o que supón un incremento significativo respecto a anos anteriores (12 delas, realizáronse a novos clientes).
- Forte incremento de servizos de albergamento no mercado de operadores: 150 altas.
- Participación en actividades do Clúster TIC.

Analizada a orixe dos ingresos por operacións e a súa evolución nos últimos anos, obsérvase unha tendencia á baixa nos ingresos por servizos procedentes das administracións públicas fronte á tendencia á alza dos ingresos por servizos prestados a outros operadores, nos que destacan os ingresos por albergamentos que, polas súas características (contratos a medio prazo) e singularidade dos emprazamentos que ten RETEGAL, contribúen á estabilidade da empresa a medio prazo.

Adicionalme, a explotación da RESGAL contribúe á estabilidade da empresa a longo prazo.

11. NORMALIZACIÓN TÉCNICA E OUTROS PROXECTOS

No ámbito das actuacións contempladas no Plan de Banda Larga, e en aplicación do Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por Retegal, aprobado mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de maio de 2013 (DOG nº 114, do 17 de xuño), Retegal xestionou o Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal. O Plan sectorial estableceu un marco de ordenación xeral para as infraestruturas de telecomunicacións titularidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, regularizando as infraestruturas existentes e planificando e regularizando a implantación de futuras infraestruturas de telecomunicacións que se desenvolverán por medio de proxectos técnicos ou proxectos sectoriais concretos.

Así, en 2014, e coa finalidade de implantar as infraestruturas necesarias para o despregamento da banda larga en Galicia en desenvolvemento do Plan Director de Banda Larga, Retegal iniciou a elaboración e tramitación de dous proxectos sectoriais, actuación que tivo continuidade no ano 2015:

- Proxecto sectorial 01_14 de infraestruturas de telecomunicacións de nova implantación xestionadas por Retegal, aprobado mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do 22 de xaneiro de 2015).
- Proxecto sectorial 02_14 de infraestruturas de telecomunicacións de nova implantación xestionadas por Retegal, aprobado mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do 5 de marzo de 2015).

12. NOVAS TECNOLOXÍAS

No ano 2015 Retegal rematou con éxito os proxectos Videoguard e GREEN, cofinanciados polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI) dentro do programa FEDER – ININTERCONECTA, nos que esta empresa participou, formando parte dun consorcio con outras empresas.

No caso do proxecto Videoguard chegouse a acordos no seno do consorcio para a eventual comercialización do sistema desenvolvido.

(Continúa)

En canto ao proxecto Green, os resultados e conclusións obtidos ao longo do tempo de execución do mesmo, tivéronse en conta no deseño e implatación das infraestruturas despregadas ao amparo do PdBL.

13. PREVISIÓNS PARA O EXERCICIO 2016

No 2016 a actividade de Retegal estará marcada por:

- A posta en servizo de explotación da Rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia, que Retegal debe realizar por encomenda da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e ,dentro desta actividade, a realización de estudos e análises para potenciar tanto a cobertura da redes como dos servizos de valor engadido por ela soportados. Pola súa natureza e polos obxectivos operativos da rede, requerirá de Retegal o cumprimento duns estándares de calidade e continuidade do servizos moi esixentes. A iso hai que engadir un novo modelo de relación entre os usuarios da rede e Retegal, o cal requerirá de novos procesos e sistemas para a súa xestión.
- A prestación dos servizos contratados polos seus clientes mantendo con elevados índices de calidade e continuidade do servizo, mellorando tanto a comunicación cos clientes como a accesibilidade destes a información dos estado actual dos seus servizos.
- Dentro da súa estratexia de superación continua, deseño dun plan de sistemas que, aliñado con procesos, permita a mellora da eficiencia da empresa en todos os seus ámbitos de actuación.
- ⇒ Potenciar o papel de RETEGAL como operador neutro e obter maior visibilidade no sector público (Internet das couas, cidades intelixentes...).
- ⇒ A adecuación dos seus produtos e servizos á demanda e posibilidades do mercado.

14. XESTIÓN DE RISCOS FINANZEIROS

Factores de risco financeiro

As actividades da sociedade están, en termos xerais, expostas aos seguintes riscos financeiros:

a. Riscos de mercado

A sociedade non se encontra exposta a riscos de mercado significativos por activos non financeiros.

b. Riscos de crédito

A sociedade non ten concentracións significativas de risco de crédito. RETEGAL ten políticas para asegurar que as vendas se efectúen a clientes con un historial de crédito adecuado (na súa meirande parte entidades públicas). A corrección valorativa por insolvencias de clientes implica un seguimento elevado pola Dirección e a revisión de saldos individuais en base á calidade crediticia dos clientes, tendencias actuais do mercado e análises histórico das insolvencias a nivel conxunto.

c. Riscos de liquidez

A sociedade executa unha xestión prudente do risco de liquidez, fundada no mantemento de suficiente efectivo e valores negociables e a xestión de dispoñibilidade de financiamento.

15. ACCIÓNS PROPIAS

Non se produciron adquisicións de accións propias no exercicio 2015.

16. INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

No exercicio 2015, rematáronse con éxito os proxectos GREEN e Videoguard.

17. OUTRA INFORMACIÓN

Dacordo co establecido na Lei 31/2014 os Administradores da Sociedade informan que o periodo medio de pago a provedores durante o exercicio 2015 foi de 94,11 días. A Dirección da Sociedade está traballando en novas medidas de xestión de pago co obxecto de adaptar dito prazo ó periodo máximo legal de pago.

18. ACONTECEMENTOS POSTERIORES AO PECHE

Non se produciron feitos posteriores significativos con posterioridade ao peche do exercicio con excepción da presentación o día 5 de febreiro de 2016 dun Recurso de Casación fronte á Sentencia do Tribunal Xeral da Unión Europea de data 26 de novembro de 2015.

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Dilixencia de asinaturas

Exercicio 2015

Reunidos os Administradores da Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas, RETEGAL, S.A.U., con data 29 de marzo de 2016 e en cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 253.2 do Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital e no artigo 37 do Código de Comercio, proceden a formular as contas anuais e o informe de xestión do exercicio comprendido entre o 1 de xaneiro de 2015 e 31 de decembro de 2015, que se presentan da seguinte forma:

1. As contas anuais (Balance, Conta de Perdas e Ganancias, Estado de cambios no patrimonio neto, Estado de Fluxos de Efectivo e Memoria) comprende 28 páxinas.
2. Informe de Xestión comprende 9 páxinas.

Asinantes:




Asdo: D^a. María del Mar Sánchez Sierra




Asdo: D^a. María del Mar Pereira Álvarez



Asdo: D. Miguel Rodríguez Barrio




Asdo: D. Mauro Fernández Debouza



Asdo: D. Ignacio José Otero López



Asdo: D^a. Belén Ferreiro Esteban



Asdo: D. Enrique González Murga
(Secretario non Conselleiro)